

## Convocatoria Pública 4/2022

### CORRECCIÓN ERRO PRAZA 2019-PN160



Advertido erro na Resolución Reitoral do 4 de agosto de 2022 pola que se publica a **Convocatoria 4/2022** de contratación de persoal en actividades e proxectos de investigación que figuran no Anexo á convocatoria, faise pública a corrección que a seguir se indica:

Na praza de **referencia 2019-PN160** (nº solicitude 2022/1729) da que é Investigador Principal ENRIQUE ZAS ARREGUI, titulada “Astronomía de Multimensaxeiros e o Observatorio Pierre Auger - XERACIÓN DE COÑECEMENTO 2019. *Este contrato é parte do proxecto de I+D+i Referencia PID2019-105544GB-I00 financiado polo MCIN/AEI /10.13039/501100011033*”

onde di:

<b>Categoría laboral</b>	Persoal investigador posdoutoral-modalidade consolidación
<b>Retribución bruta mensual</b>	1.896,46 € Esta praza levará un complemento de dedicación de 158,72 € mensuais Esta plaza levará un complemento de responsabilidade de 264,55 € mensuais
<b>Titulación requerida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Título doutoramento obtido nos 4 anos anteriores á formalización contrato (data prevista inicio 01/09/2022)</li> <li>• Experiencia posdoutoral mín.1 ano en universidade/centro de investigación distinto do da obtención título</li> <li>• <u>A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá asinar unha declaración de non ter estado contratada baixo a modalidade de SECTI por un tempo superior a 5 anos.</u></li> </ul>

debe dicir:

<b>Categoría laboral</b>	Persoal investigador posdoutoral- <b>modalidade acceso</b>
<b>Retribución bruta mensual</b>	1.732,02 € Esta praza levará un complemento de dedicación de 158,72 € mensuais
<b>Titulación requerida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Título de doutoramento obtido nos 3 anos anteriores á formalización do contrato (data prevista inicio 01/09/2022)</li> <li>• <u>A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá asinar unha declaración de non ter estado contratada baixo a modalidade de SECTI por un tempo superior a 5 anos.</u></li> </ul>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
Por delegación do Reitor  
(Resolución do 21/04/22, DOG 26/04/22)  
O Vicerreitor de Política Científica,  
Vicente Pérez Muñuzuri

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n° 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** VICENTE PEREZ MUÑUZURI, VICERREITOR DE POLITICA CIENTIFICA,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/08/2022 10:18:46.

**CSV:** 090D-670C-4B54-9593